



II ENCONTRO ESPAZOS
COWORKING IGAPE_EOI e
II FORO INVESTIMENTO PROXECTOS
COWORKING IGAPE_EOI

7 DE MARZO DE 2018

Un proxecto financiado por:



Unión Europea
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

Edificio Museo, Cidade da Cultura
Santiago de Compostela

O PROGRAMA GO2WORK ESPAZOS COWORKING EOI



QUE É?

- Un espazo de traballo destinado a emprendedores innovadores
- Diseñado para aumentar as probabilidades de éxito de proxectos innovadores en fase temperá de desenvolvemento
- Cun obxectivo: lograr que os emprendedores en pouco tempo poidan poñer en marcha os seus proxectos

QUE APORTA O EMPRENDEDOR?

- As ideas: Plan ou Idea de Negocio
- A ilusión e enerxía: Para impulsalo en 5 meses
- O compromiso: Asistencia Obrigatoria

QUE APORTA EOI?

- Espazo: Acceso a área común de traballo e a salas de reunións
- Compañía: Tutores e mentores, ademais dun programa formativo especializado
- Ecosistema: Pertenza a unha Rede EOI de 50 espazos Coworking por toda España e participación en Eventos específicos

QUEN PODE PARTICIPAR?

- Emprendedores innovadores con proxectos empresariais en fase temperá de desenvolvemento
- Emprendedores innovadores que creasen a empresa recentemente (máximo 6 meses antes de incorporarse ao espazo)

PROGRAMA DA XORNADA



09:30 h

ACREDITACIÓN E ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN

10:00 h

INAUGURACIÓN E PRESENTACIÓN ESPAZOS COWORKING

Miguel Sánchez Galindo, director do Área de Innovación, Emprendedores e PEME do EOI
Norberto Penedo, director do Área de Competitividade do IGAPE
Presentación proxectos emprendedores

11:30 h

VISITA EXPOSICIÓN PROXECTOS

Francisco Conde, conselleiro de Economía, Emprego e Industria
Adolfo Cazorla, director xeral EOI

11:45 h

COFFEE_NETWORKING

12:15 h

PRESENTACIÓN DO FORO DE INVESTIMENTO

Adolfo Cazorla, director xeral EOI
Fernando Guldrís, director xeral Xesgalicia

12:30 h

PRIMEIRA ROLDA PRESENTACIÓN DE PROXECTOS

13:30 h

PAUSA COFFEE

13:45 h

SEGUNDA ROLDA PRESENTACIÓN DE PROXECTOS

PRESENTACIÓN ESPAZOS COWORKING 2ª EDICIÓN




BEERBAY

<https://beerbay.net>

Emprendedor: Jesús Olano Espinosa

Descrición do proxecto: Vendemos cervexa artesá. Somos unha tenda online coas mellores marcas de cervexa artesá Europeas e Estadounidenses, e xa chegamos a 21 países da Unión Europea. Os nosos principais mercados son o Norte de Europa, sobre todo as principais capitais, máis grandes cidades en España. A nosa estratexia dixital pasa por posicionar con Landing Pages ubicadas neses países con campañas en Adwords, como captación de tráfico, pero a venda realizase na web principal.



CENTRO DE PSICOLOGÍA SEOANE

Emprendedora: Yanet Escobar Seoane

Descrición do proxecto: Centro de Evaluación, Orientación e Tratamento Psicoterapéutico para todas as idades. Especialización en Problemas Educativos, Trauma, Trastornos Disociativos e do Comportamento Alimentario.

Realizanse informes clínicos e periciais. Ofrecense Programas de Formación a pais e mais en temas educativos.



CARACOLIX

Emprendedor: Juan Montero

Descrición do proxecto: Producción de alimentos gourmet a base de caracol Helix aspersa, como huevas envasadas, caracol cocido en salsa, en aceite, paté, etc. O seu sabor será exquisito e listo para servir abrindo unha lata ou un frasco, ao mellor estilo do caviar, ostras e mexillóns. A factoría tamén aproveitará a baba do caracol e para asegurar un mínimo de materia prima durante o ano, cultivarase nunha granxa ad hoc.



KLIKS

www.kliksbrand.com

Emprendedor: Manuel Aguiar Rivela

Descrición do proxecto: Mochilas made in Galicia con espírito aventureiro. Diferentes polo seu deseño innovador, práctico e a súa calidade, Kliksbrand e a solución perfecta como accesorio de moda dirixido a xente viaxeira.

Necesidade de financiamento: 60.000 €. Destino do financiamento: Marketing dixital y comercialización das mochilas; circulante (fundamentalmente existencias).



PRESENTACIÓN ESPAZOS COWORKING 2ª EDICIÓN

BBWELLNESS®
health in movement



BB WELLNESS

www.bbwelness.es

Emprendedora: Ana Gato Martínez

Descrición do proxecto: BBwellnes deseñamos e comercializamos unidosis de leites vexetais tanto para canle HORECA como para particulares. Buscamos cubrir un mercado emerxente e cada vez máis demandado polo consumidor nun formato inexistente, en distintas variedades de leites vexetais: améndoa, soia, arroz...

Os nosos innovadores formatos unidosis permiten desfrutar dos leites vexetais en calquera lugar, así como reducir desperdicios alimentarios e ampliar a vida útil do produto. Damos así resposta ás novas pautas de consumo de persoas con alerxias, intolerancias alimenticias ou, simplemente, que practican un estilo de vida saudable.

BBwellness, health in movement.

GRILIER
GOURMET



GRILIER

www.grilier.com

Emprendedora: Ana Isabel Fernández Márquez.

O último en sazonadores de barbacoa. Simplemente coloca os bloques sazonadores sobre as lapas da tua barbacoa, o fume sazonará os teus alimentos á perfección. Totalmente libre se sodio, azucres e glute. 110% orgánico, libre de calorías e graxas.



TERRAS DE MARIA CASTAÑA

www.terrasdemariacastaña.com

Emprendedor: Carlos Pérez Alvarez

Os produtos da agricultura ecolóxica forman parte, cada vez máis, do estilo de vida de persoas e familias. Desde «Terras de María Castaña» aproxímase ao cliente un produto ecolóxico con base en variedades autóctonas galegas, saudable, libre de tratamentos químicos, a un prezo dentro de mercado e alcanzable. A honestidade, a firme convicción, o coñecemento e o agarimo posto na terra, son os tratamentos fundamentais para conseguir o resultado dun produto de calidade e de fácil diferenciación polas súas características de cor, aparencia e sabor.



ALGAREIRA


www.silvinamuñoz.com

Emprendedora: Silvana Belén Muñoz Coria.

Queremos dar a coñecer as riquezas do mar da maneira mais doce! Doces e postres con sabor a mar de Galicia... que levan entre os seus ingredientes diversas algas recolleitas nas praias galegas.

Traballamos de maneira artesá, sostible e ecolóxica para acadar a maior calidade e intensidade en sabor.

PRESENTACIÓN ESPAZOS COWORKING 2ª EDICIÓN



SAXMEL

<https://saxmel-marín.wixsite.com/saxmel>

Emprendedor: Jesús Martínez Ben

O proxecto SAXMEL (Sistema de Apoio á Xestión dos Montes no Eido Local) é un proxecto de innovación que está a desenvolverse en Galicia e un ten un único obxectivo: lograr o pleno desenvolvemento do recurso forestal (= produtos forestais+emprego+negocios+medio natural+cultura+educación) actuando a escala local.

Este obxectivo consegue mediante un servizo de desenvolvemento e implantación dun sistema de apoio á xestión dos montes no eido local, a través do cal lógrase o pleno desenvolvemento do recurso forestal no ámbito dun Territorio (Concello, Mancomunidade, etc) ca participación activa da totalidade dos axentes socio-económicos (propietarios, comunidades de montes, pymes, profesionais, AAPP, científicos e cidadanía).





CANGURO EXPRESS

www.progresieventos.com/canguroexpress/#

Emprendedor: Daniel Villarino Pena.

Descrición do proxecto: Trátase dun buscador online que pon en contacto persoas que queren traballar como canguro, coidador de persoas maiores, tarefas do fogar, coidado de mascotas, con persoas que necesitan destes profesionais.

Todo isto por xeolocalización garantizando o Emprego de cercanía.

Necesidade de financiamento: 50.000 €.

Destino do financiamento: contratación de 2 empregados a tempo completo para abrir dúas oficinas comerciais; para mantemento web (melloras e desenvolvemento), deseño de marca e xestión de redes sociais; aluguer das 2 oficinas comerciais; seguridade social propia, autónoma e de xestión; fondo de manobra e continxencias.



BIOSPORTY

BIOSPORTY

Emprendedor: Eloy Gonzalo Rodríguez Velo

Descrición do proxecto: BIOSPORTY, cosmética natural deportiva para antes, durante e despois do exercicio físico. Axudámosche a recuperar con cremas 100% naturais formuladas con activos galegos de acción antiinflamatoria para músculos, tendóns e articulacións e un extra de antioxidantes que contribúen á rexeneración celular.

Necesidade de financiamento: 100.000 €.

Destino do financiamento: Certificacións, Marketing, Produto Final, Escalabilidade produto e desenvolvemento dun envase propio biodegradable.

MYFAMILY
SOCKS



MYFAMILYSOCKS

www.myfamilysocks.com

Emprendedoras: Sandra Consuelo Suárez Varela e María Besteiro Golán

Descrición do proxecto: Myfamilysocks é unha empresa de deseño, control de fabricación e venda directa e indirecta de calcetíns para toda a familia.

Son calcetíns de alta calidade, con deseños combinados de bebés, nenos e adultos para que todos poidan sentirse parte dunha equipa. É un regalo que sempre gusta, porque son os únicos calcetíns que unen, e ademais de querer os pés, quecen o corazón.

Necesidade de financiamento: 50.000 €

Destino do financiamento: Expansión internacional (web multiidiomas e multimoeda, marketing dixital, asistencia a feiras internacionais); Implantación dun ERP para xestión empresarial, comercial e lóxística; Desenvolvemento de novos produtos (ampliar a colección e diversificar cara novos produtos)

II FORO INVESTIMENTO PROXECTOS COWORKING IGAPE_EOI



MAR DE ESTRELAS

Emprendedor: Diego Trillo Caamaño.

Descrición do proxecto: Establecemento de aloxamento turístico, singular e de natureza, englobado na tipoloxía de glamping que busca darlle un novo enfoque de calidade, innovación e contido ó turismo rural de Galicia.

Basándonos no uso de estruturas de aloxamento innovadoras e nun servizo orientado ó cliente, queremos crear unha experiencia única en torno á natureza e que o visitante sinta, viva e experimente a auténtica Costa da Morte. Todo iso xirando en torno a unha filosofía e valores moi concretos marcados pola búsqueda da sostibilidade, a innovación, a calidade, a mellora continua e a paixón por Galicia.

Necesidade de financiamento: 430.000 €.

Destino do financiamento: Terreos e bens naturais, construcións e instalacións, informática, posta en marcha e tesorería.



NATURAL SNACK LAB

www.natsnacklab.es

Emprendedor: Alberto Lendoiro Fernández

Descrición do proxecto: Natural Snack Lab somos unha empresa dedicada ao procesado de froita fresca, centrándonos nas actividades de elaboración de purés ou cremoxenados e o seu deshidratado. Creamos produtos naturais e innovadores.

O noso primeiro produto é Fruitah!, un snack brando de froita deshidratada sen azúcares nin conservantes engadidos, de fácil conservación, transporte e consumo. Un produto ideal para un cliente urbano, deportista, preocupado polo medio ambiente que lee ás etiquetas nutricionais e as interpreta.

Fruitah!, fruit on the go! - Fruitah!, fruta de bolsillo

Necesidade de financiamento: 50.000,00 euros.

Destino de financiamento: Inversión en equipamentos produtivos e plan de marketing.



II FORO INVERSIÓN PROYECTOS COWORKING IGAPE_EOI

Dronfit



DRONFIT

www.dronfit.es

Emprendedora: Teresa Martínez Fernández

Descripción do proxecto: Facilitar as tarefas vitivinícolas, reduciendo custos, tempo e impacto ambiental nunha zona, na que pola súa orografía, a viticultura é unha actividade case heroica é o obxectivo de DRONFIT.

Esta innovadora iniciativa no ámbito da Agricultura de precisión, céntrase na prestación de servizos de aplicación de tratamentos fitosanitarios introducindo o dron na mecanización da explotación vitivinícola. Trátase dunha iniciativa pioneira pois por primeira vez utilízanse drons con esta aplicación que permitirá tratamentos localizados e precisos, que facilitarán o traballo no campo e farano máis eficiente.

Necesidade de financiamento: 60.000 €.

Destino do financiamento: Equipamento Tecnolóxicos (Drons), Custos Lanzamento e promoción, e Investigación (solucións prácticas para viticultura).

iforest



I-FOREST

www.iforest.es

Emprendedores: Rodrigo Bravo Torres / Jose Manuel Domínguez Sanmartín

Descripción del proyecto: iforest.es nace como punto de encontro para os actores do sector forestal cuxo obxectivo é impulsar solucións na web no sector forestal a través dunha Plataforma dixital para empresas e profesionais do sector forestal/madeira.

O noso obxectivo: achegar visibilidade ás empresas e impulsar a súa actividade económica a través dun buscador de Empresas do Sector, Formación Especializada (En liña / Presencial), Transformación Dixital (Paquetes Escalables), Comparador de orzamentos, etc co que dinamizar e valorizar o sector co que dinamizar e poñer en valor as potencialidades do sector

Necesidade de financiamento: 50.000€ - 60.000€

Destino do financiamento: hardware - Marketing dixital - Recursos humanos.







www.eoi.es



II ENCONTRO ESPAZOS
COWORKING IGAPE_EOI e
II FORO INVESTIMENTO PROXECTOS
COWORKING IGAPE_EOI

7 DE MARZO DE 2018

Edificio Museo, Cidade da Cultura
Santiago de Compostela



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE ECONOMÍA, INDUSTRIA
Y COMPETITIVIDAD

EOI Escuela de
organización
industrial

Un proxecto financiado por:



Unión Europea
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro